

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

ORDE do 27 de abril de 2020 pola que se convoca e se establece o procedemento de adjudicación de prazas do servizo de educación infantil para nenos e nenas de 0 a 3 anos en escolas infantís 0-3 de titularidade privada para o curso 2020/21 (código de procedemento BS402G).

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23, asígnalle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece, no seu artigo 3, os obxectivos do sistema galego de servizos sociais, entre os que inclúe o de proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e possibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, así como o de garantir o apoio ás familias como marco de referencia en que se desenvolven as persoas.

Así mesmo, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, recoñece no seu artigo 6 como un dos principios de responsabilidade pública o de atender, apoiar e protexer as familias, como núcleo fundamental, da sociedade no cumprimento das súas funcións.

Por último, o Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, atribúe á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica o exercicio das políticas públicas de apoio á familia e á infancia, así como a promoción e adopción das medidas de conciliación que garanten un ambiente favorable para o libre desenvolvemento das familias.

Neste contexto, a Administración autonómica conta cunha rede propia de escolas infantís 0-3 e contribúe ao financiamento das escolas de titularidade municipal e de entidades de iniciativa social, que amplían e complementan a rede de recursos de atención á infancia sostida con fondos públicos.

Así mesmo, a consellería conta co programa do Bono concilia consistente nunha axuda económica directa ás familias para o pagamento total ou parcial dunha praza nunha escola infantil privada da súa elección. Esta axuda está destinada a aquelas familias que non obtiven praza nunha escola pública ou financiada con fondos públicos e marcasen a opción



do Bono concilia na súa solicitude, e a aqueloutras que residan en localidades que carezan de prazas públicas.

Pola súa vez, co fin de darlle unha solución eficaz e concreta ao volume das listas de espera que se concentran na rede pública de escolas infantís das sete grandes cidades e, por extensión, ás dos concellos das súas respectivas áreas de influencia, no curso 2015/16 púxose en marcha un concerto de prazas en escolas infantís de titularidade privada dirixido ás persoas solicitantes que non obtivesen praza en ningunha das escolas da rede pública autonómica.

Co fin de darlle continuidade a este programa, no ano 2018 publícase un novo contrato para a prestación do servizo de educación infantil para nenos e nenas de 0 a 3 anos en escolas infantís de titularidade privada en diversos concellos de Galicia.

En consecuencia, facendo uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia,

RESOLVO:

Artigo 1. Obxecto

Esta orde ten por obxecto convocar e establecer o procedemento de adxudicación de praza nas escolas infantís que resultaron adxudicatarias da prestación do servizo de educación infantil para nenos e nenas de 0 a 3 anos en escolas infantís de titularidade privada nas sete grandes cidades e nos concellos da súa área de influencia, así como no concello de Monforte de Lemos (Lugo) (código do procedemento administrativo BS402G). A relación destas escolas recóllese no anexo III.

Artigo 2. *Persoas adxudicatarias*

Poderá adxudicarse unha praza do servizo de educación infantil 0-3 anos nas escolas infantís de titularidade privada que se relacionan no anexo aos nenos e nenas que estean nos seguintes supostos:

a) Os nenos e as nenas escolarizados/as nunha praza do servizo de educación infantil en escolas 0-3 privadas durante o curso 2019/20 para a renovación de praza, sempre que non teñan cumpridos os tres anos de idade o 31 de decembro de 2020.



b) Os nenos e as nenas de novo ingreso cun irmán/á que renove unha praza deste servizo do curso 2019/20 para o curso 2020/21.

c) Os nenos e as nenas solicitantes de praza de novo ingreso para o curso 2020/21 nas escolas infantís dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais, do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou na escola infantil municipal de Monforte de Lemos, que queden en lista de espera por falta de prazas dispoñibles e que nas solicitudes das correspondentes convocatorias marcasen a opción de candidato/a a unha praza deste servizo de educación infantil en escolas 0-3 privadas.

Artigo 3. *Procedemento de adxudicación das prazas*

1. Para avanzar na conciliación da vida familiar e laboral e promover o dereito á escolarización de irmáns/ás no mesmo centro, en cada escola infantil as prazas adxudicaránse seguindo a orde de prelación con que aparecen relacionadas no artigo anterior.

2. Nos supostos de solicitude de renovación, a praza será renovada na mesma escola infantil en que estivese escolarizado o neno ou a nena durante o curso 2019/20, con carácter xeral no mesmo horario e cos mesmos servizos con que foi adxudicada no dito curso.

3. De ser necesario, ás solicitudes de novo ingreso de nenos e nenas cun irmán/á que renove praza para o curso 2020/21 adxudicaráselles a puntuación obtida pola unidade familiar no proceso de baremación que lle deu dereito ao acceso por esta quenda ao fillo/a escolarizado durante o curso 2019/20.

4. Para optar á praza tanto no suposto de renovación como de novo ingreso previsto no artigo 2.b) é requisito imprescindible estar ao día no pagamento das cotas mensuais na data de presentación da solicitude.

Artigo 4. *Solicitudes e documentación*

1. Para o procedemento de solicitude de praza, tanto de renovación como de novo ingreso (no caso de nenos/nenas cun irmán/á que renove unha praza deste servizo), presentárase o modelo normalizado de solicitude (anexo I).

Os impresos estarán dispoñibles nos enderezos electrónicos: <https://sede.xunta.gal> e <https://xunta.gal/politica-social> e nas xefaturas territoriais da Consellería de Política Social.



As persoas interesadas deberán achegar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

a) Anexo II relativo á comprobación de datos da persoa cónxuxe ou parella da persoa solicitante ou outros membros da unidade familiar, de ser o caso, e autorización para a presentación da solicitude de praza.

b) Título de familia numerosa, só no caso de non ser expedido pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Certificado de discapacidade do neno ou da nena, só no caso de non ser expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia, de ser o caso.

d) Copia do libro de familia ou, na súa falta, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar.

Así mesmo, no caso de terse producido cambios que supoñan unha diminución ou incremento dos ingresos de máis do 20 % no cómputo anual respecto aos que constan na declaración do IRPF correspondente ao ano 2018, que afecten a unidade familiar e que poidan incidir no cálculo da renda desta, a persoa interesada achegará, dentro do mesmo prazo de presentación de solicitudes, aqueles documentos que os acrediten ou xustifiquen.

2. Non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.



Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 5. *Comprobación de datos*

1. De conformidade coa normativa de protección de datos, para a tramitación deste procedemento consultarase os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) Documento nacional de identidade (DNI) ou número de identificación de estranxeiro/a (NIE) da persoa solicitante e do/da cónxuxe ou parella, de ser o caso.

b) Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), da persoa solicitante, da/do cónxuxe ou parella e demais membros da unidade familiar, de ser o caso, correspondente ao ano 2018.

2. Consultaranse ademais os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

a) Título de familia numerosa expedido na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Discapacidade do neno ou da nena recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia, de ser o caso.

3. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no anexo I e no anexo II, segundo o caso, e achegar os correspondentes documentos.



4. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 6. *Lugar e prazo de presentación de solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible, anexo I, na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Opcionalmente, poderán presentarse as solicitudes de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, tamén poderán tramitarse de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. O prazo para a presentación das solicitudes será de 10 días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 7. *Condicións xerais das prazas*

1. Nas prazas das escolas infantís de titularidade privada adxudicatarias da prestación do servizo de educación infantil para nenos e nenas de 0 a 3 anos, poderase optar, en canto que teñen a condición de públicas, por unha das seguintes modalidades de servizo:

- a) Atención educativa con comedor.
- b) Atención educativa sen comedor.

2. O horario para o alumnado que opte pola modalidade de servizo prevista na letra b) do número anterior será o establecido polo centro con base nos seus criterios organizativos de funcionamento.



3. As nenas e nenos que teñan concedida praza sen servizo de comedor poderán facer uso deste servizo en días soltos sempre que se solicite ante a dirección do centro con antelación suficiente e se aboe o prezo estipulado.

Unha vez concedida a praza de acordo co procedemento establecido nesta orde, esta manterase nas mesmas condicións durante todo o curso, salvo circunstancias sobrevidas debidamente acreditadas que xustifiquen a necesidade de modificación da opción elixida inicialmente.

A permanencia do alumnado no centro non poderá superar as oito horas diarias dentro da xornada pola que opte.

Así mesmo, o alumnado poderá asistir ao centro un máximo de once meses dentro do período de setembro a agosto do curso 2020/21.

Artigo 8. *Prezos*

As familias usuarias dunha praza nunha das escolas infantís obxecto desta orde aboarán mensualmente á escola infantil a cota que, en aplicación dos prezos públicos fixados na normativa reguladora vixente, lle corresponda segundo a renda *per cápita* de unidade familiar e os descontos aplicables en cada caso.

No caso de que a praza concedida sexa para o segundo ou sucesivos fillos/as da unidade familiar, a cota que corresponde á atención educativa será aboada integramente pola Consellería de Política Social.

Para a determinación do importe mensual do prezo público teranse en conta as especificacións recollidas na normativa reguladora do réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes do sector público autonómico de servizos sociais vixente, a partir do cómputo da renda *per cápita* mensual da unidade familiar calculada seguindo as regras contidas nela.

Para estes efectos, para a presente convocatoria tomarase para o cálculo da cota a declaración do IRPF correspondente ao ano 2018.

Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositivas a que se fai referencia obteranse como resultado de aplicar aos datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.



Artigo 9. Instrución do procedemento

A instrución e proposta de resolución deste procedemento correspóndenlles aos servizos con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social.

No exercicio das súas competencias os ditos servizos comprobarán que as solicitudes presentadas reúnen os requisitos recollidos nesta orde. De non ser así, e de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de dez (10 días), emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistida na súa petición, logo da resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da dita lei.

Artigo 10. Resolución do procedemento

1. Correspóndelle á persoa titular de cada xefatura territorial por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social, e por proposta dos servizos con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica, ditar as resolucións de adxudicación das prazas.

2. O prazo para resolver e notificar a dita resolución será de cinco meses contados desde a data de presentación da solicitude. Aquelas solicitudes que non resulten adxudicatarias quedarán na lista de agarda de procedencia.

3. As resolucións ditas neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Potestativamente e con anterioridade á interposición do referido recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución expresa.

4. A adxudicación dunha praza en calquera das escolas privadas que participan neste programa comporta a exclusión automática da lista de espera das escolas públicas.



Artigo 11. Notificacións

1. As notificacións destas resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel).

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 12. Publicación das listas de persoas adxudicatarias e matrícula

1. As listas de persoas adxudicatarias, tanto de renovación de praza como de novo ingreso, faranse públicas transcorridos tres meses desde a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes nos taboleiros de anuncios das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social, así como no enderezo electrónico <https://xunta.gal/politica-social>.

2. Unha vez concedida a praza, a persoa interesada deberá realizar a matrícula na escola infantil en que lle foi adxudicada mediante o modelo oficial que estará dispoñible no enderezo electrónico <https://xunta.gal/politica-social>, na escola infantil en que se lle adxudicou e nas xefaturas territoriais da Consellería de Política Social.



Unha vez realizada, disporá de cinco (5) días contados desde a recepción da resolución de adxudicación de praza para remitir ao Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da xefatura territorial que lle corresponda unha copia deste impreso xunto coa copia da cartilla de vacinación do neno ou nena.

O cumprimento do calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación, así como a formalización da matrícula é imprescindible para confirmar a praza. Se non se realiza, a persoa interesada decaerá da súa solicitude.

Artigo 13. *Revisión do prezo*

O prezo fixado inicialmente revisarase nos seguintes casos:

a) Modificación das circunstancias que determinan os descontos recollidos na normativa vixente en materia de prezos públicos.

b) Diminución ou incremento dos ingresos en máis do 20 % en cómputo anual respecto aos declarados na solicitude de praza ou, de ser o caso, nunha variación posterior. Estas variacións deberán ter unha duración mínima de seis meses para ser tomadas en consideración e xustificaranse por medio da declaración do IRPF, dun certificado emitido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) ou por calquera outra documentación que, a xuízo da xefatura territorial da Consellería de Política Social, xustifique e permita un novo cálculo da renda *per cápita* da unidade familiar.

c) Variación no número de membros da unidade familiar.

Para estes efectos, a persoa beneficiaria queda obrigada a comunicar calquera variación que se produza nos supostos que deron lugar ao cálculo do prezo público que se lle aplica.

A modificación do prezo será resolta pola persoa titular da xefatura territorial e aplicarase a partir do primeiro día do mes natural seguinte ao da data da correspondente resolución.

Artigo 14. *Baixas*

1. Será causa de baixa na escola infantil:

a) O cumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia no centro.



b) A solicitude das persoas proxenitoras ou representantes legais.

c) A falta de pagamento do prezo establecido durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar a que se refire a débeda, sen prexuízo da reclamación desta polo procedemento administrativo de constrinximento, de acordo coa normativa en vigor de prezos públicos para as escolas infantís.

d) A comprobación de falsidade nos documentos ou nos datos achegados.

e) A incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro.

f) A falta de asistencia continuada durante quince días sen causa xustificada.

2. Naqueles casos en que se produza unha falta de asistencia prolongada, deberá presentarse cunha periodicidade mensual a documentación acreditativa da causa que a produce. O incumprimento desta obriga será causa de baixa.

3. As baixas motivadas polo establecido na alínea e) serán resoltas pola persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social, e por proposta da xefa ou xefe territorial correspondente, unha vez oída a dirección do centro a que asiste a alumna ou alumno e realizado o trámite de audiencia da/das persoa/s interesada/s. O prazo de resolución será de 2 meses desde o inicio do expediente. Nos demais supostos aprobarase a baixa por resolución da persoa titular da xefatura territorial de Política Social no prazo dun mes desde o inicio do expediente.

Contra as resolucións ditadas no procedemento anterior será de aplicación o establecido no artigo 10.3.

Disposición adicional única. *Información básica sobre protección de datos persoais*

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas refe-



rencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia, como diarios oficiais ou páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Disposición derradeira primeira. *Delegación de competencias*

Apróbase a delegación de competencias da persoa titular da Consellería de Política Social nas persoas titulares das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social para a resolución desta convocatoria, así como para as baixas previstas no artigo 14.1.a), b), c), d), f), e na persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para a prevista no artigo 14.1.e).

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento da orde*

Autorízase a persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2020

Fabiola García Martínez
Conselleira de Política Social




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE POLÍTICA
 SOCIAL

ANEXO I

PROCEDIMENTO ADJUDICACIÓN DE PRAZAS NAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3 DE TITULARIDADE PRIVADA CON CONTRATO DO SERVIZO DE EDUCACIÓN INFANTIL	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO BS402G	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

CURSO 2020/21

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
EN CALIDADE DE							
<input type="radio"/> NAI <input type="radio"/> PAI <input type="radio"/> ACOLLEDOR/A <input type="radio"/> TITOR/A LEGAL							
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN						
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa solicitante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante						
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:						
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>					
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE						
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.						
<input type="radio"/> Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.						
<input type="radio"/> Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)						
As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.						
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
PARROQUIA				LUGAR		
<input type="text"/>				<input type="text"/>		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			

TIPO DE SOLICITUDE
<input type="radio"/> RENOVACIÓN <input type="radio"/> NOVO INGRESO (só solicitantes do artigo 2.b)

DATOS DA NENA OU DO NENO			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DATA DE NACEMENTO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
GRUPO DE IDADE A QUE ACCEDE	DISCAPACIDADE	SEXO	
<input type="text"/>	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON <input type="radio"/> HOME <input type="radio"/> MULLER		

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: mynx5lf4-a325-gj12-5if1-67qtaefuoes3


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE POLÍTICA
 SOCIAL

ANEXO I
 (continuación)

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR (incluída a persoa solicitante)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	DATA DE NACEMENTO	PARENTESCO

Nº DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR

Nº DE FILLOS/AS DA UNIDADE FAMILIAR

Nº DE ORDE QUE OCUPA O NENO/A NA UNIDADE FAMILIAR

CIRCUNSTANCIAS FAMILIARES

- Familia monoparental Familia acollidora
 Familia numerosa Irmá/n con praza renovada ou de novo ingreso no centro para o próximo curso

CENTRO SOLICITADO
NOME DO CENTRO

HORARIO QUE SOLICITA

 Xornada continuada de a horas.

 Xornada partida de a horas e de a horas.

 Xornada de tarde de a horas.

COMEDOR

- Atención con comedor Atención sen comedor

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

- Anexo II relativo á comprobación de datos da persoa cónxuxe, parella ou outros membros da unidade familiar e autorización para a presentación da solicitude de praza.
 Documentos xustificativos da variación de ingresos (mínimo 20 % en cómputo anual)

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Copia do título de familia numerosa cando sexa expedido fóra da Comunidade Autónoma de Galicia			
<input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade do neno ou da nena, só no caso de non ser expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia, se é o caso			
<input type="checkbox"/> Copia do libro de familia ou, na súa falta, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) da persoa solicitante correspondente ao ano 2018	<input type="checkbox"/>

MARQUE O RECADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN

<input type="checkbox"/> Título de familia numerosa expedido pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Discapacidade do neno ou da nena recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia	<input type="checkbox"/>



**XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL**ANEXO I**
(continuación)**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais


Actualización normativa: no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 27 de abril de 2020 pola que se convoca e se establece o procedemento de adjudicación de prazas do servizo de educación infantil para nenos e nenas de 0 a 3 anos en escolas infantís 0-3 de titularidade privada para o curso 2020/21 (código de procedemento BS402G).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de  galicia Xacobeo 2021Xefatura Territorial da Consellería de Política Social de  **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE POLÍTICA
 SOCIAL

ANEXO II
COMPROBACIÓN DE DATOS DO CÓNIXUXE, PARELLA OU OUTROS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR E AUTORIZACIÓN PARA A PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE DE PRAZA

 BS402G-ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3 DE TITULARIDADE PRIVADA
 CON CONTRATO DO SERVIZO DE EDUCACIÓN INFANTIL

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, declaran que foron informadas da incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de menores de idade, este documento deberá ser asinado por unha das persoas proxenitoras, titor/a ou representante legal. No caso de que as terceiras persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

1. Datos da persoa cónixuxe ou parella:

NOME E APELIDOS	NIF	COMPROBACIÓN DE DATOS Os seguintes datos das persoas interesadas serán obxecto de consulta ás administracións públicas		SINATURA
			OPÓNOME Á CONSULTA	
		DNI/NIE	<input type="checkbox"/>	
		Declaración do IRPF correspondente ao ano 2018	<input type="checkbox"/>	

2. Datos da persoa proxenitora non solicitante

NOME E APELIDOS	NIF	AUTORIZACIÓN	SINATURA
		Autorizo a persoa solicitante a presentar a solicitude de praza para a escola infantil 0-3	

3. Datos doutros membros da unidade familiar:

Cubrir en caso de que algún membro da unidade familiar, distinto da persoa solicitante, obtivese rendas procedentes de actividades económicas, do traballo ou do aforro, correspondentes ao último período impositivo con prazo de presentación vencido no momento de presentación da solicitude.

NOME E APELIDOS	NIF	MENOR DE IDADE	TITOR/A OU REPRESENTANTE LEGAL		COMPROBACIÓN DE DATOS Os seguintes datos das persoas interesadas serán obxecto de consulta ás administracións públicas		SINATURA
			NOME E APELIDOS	NIF		OPÓNOME Á CONSULTA	
		<input type="checkbox"/>			Declaración do IRPF correspondente ao ano 2018	<input type="checkbox"/>	
		<input type="checkbox"/>			Declaración do IRPF correspondente ao ano 2018	<input type="checkbox"/>	

De non ser suficiente o espazo previsto no cadro anterior deberanse cubrir e enviar tantos anexos como sexan necesarios.



**XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL**ANEXO II**
(continuación)**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Actualización normativa: no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

Lugar e data

 , de de  Xacobeo 2021Xefatura Territorial da Consellería de Política Social de **XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

ANEXO III

Relación de escolas infantís que ofertan prazas do servizo de educación infantil para nenos e nenas de 0-3 anos en escolas de titularidade privada para o curso 2020/21

	Entidade	Centro	Enderezo	Concello	Provincia	Grupo idade	Nº prazas
A Coruña	G. Matogrande, S.L.	E. I. Pequerrechos Cambre	Constitución, 11-13, P Marítimo O Graxal	15670 Cambre	A Coruña	0-1	5
						1-2	13
						2-3	16
	A Fraga Encantada, S.C.	E. I. A Fraga Encantada	Pintor Lucio Muñoz, 3-B	15660 Cambre	A Coruña	0-1	4
						1-2	10
						2-3	20
	Amelia Barallobre Carreira	Xardín de Infancia Chiquitín	Celso Emilio Ferreiro, 29-B, O Temple	15679 Cambre	A Coruña	0-1	1
						1-2	5
						2-3	5
	E. I. Trasnós, S.L.	E. I. Trasnós	Castellana, 87	15660 Cambre	A Coruña	0-1	2
						1-2	13
						2-3	15
	Dana Coruña, S.L.	E. I. Dana	Pozo, 11, baixo	15005 A Coruña	A Coruña	0-1	2
						1-2	6
						2-3	6
Santiago de Compostela	María Belén Muiña Romay	E. I. Piolín de Ames	Urbanización Palmeras-Bertamiráns	15220 Ames	A Coruña	0-1	3
						1-2	4
						2-3	23
	Sociedade Santa Apolonia, S.L.	E. I. Santa Apolonia II	A Rocha, Poza Real, 2	15706 Santiago de Compostela	A Coruña	0-1	5
						1-2	5
						2-3	5
Ferrol	Lendo e Crecendo, S.L.	E. I. Os Pequerrechos de Ferrol	Praza de España, 7-B, baixo	15403 Ferrol	A Coruña	0-1	2
						1-2	4
						2-3	4
Lugo	E. I. Gliemmo, Vilariño y Pizzo, S.L.	E. I. Pepa Vagalume	Agro da Torna, 16, baixo	27002 Lugo	Lugo	0-1	5
						1-2	5
						2-3	10



	Entidade	Centro	Enderezo	Concello	Provincia	Grupo idade	Nº prazas
Monforte de Lemos	Diego Rosales Galiñanes	E. I. San Vicente de Paúl	Eduardo Pondal, s/n	27080 Monforte de Lemos	Lugo	0-1	-
						1-2	-
						2-3	10
Ourense	Colegio Infantil Los Tilos, S.L.	E. I. Los Tilos	Alfredo Brañas, 62-A	32001 Ourense	Ourense	0-1	8
						1-2	12
						2-3	16
	Lazos Colexio Infantil, S.L.	E. I. Lazos	Irmáns Xesta, 2-B	32002 Ourense	Ourense	0-1	
						1-2	1
						2-3	1
	E. Infantil Lececer, S.L.L.	E. I. Lececer	Travesía de Portocarreiro, 10-12	32003 Ourense	Ourense	0-1	2
						1-2	9
						2-3	9
Pontevedra	Asociación G. Laboral Pipo	E. I. Pipo de Lérez	Pasarón, 3	36005 Pontevedra	Pontevedra	0-1	3
						1-2	10
						2-3	10
	Parrulos, S.L.	E. I. Parrulos de Pontevedra	Pr. Fermín Bouza Brey, 1-B	36004 Pontevedra	Pontevedra	0-1	1
						1-2	3
						2-3	3
	E I Bamby, S.L.U.	E. I. Bamby	San Roque de Abaixo, 1	36001 Pontevedra	Pontevedra	0-1	2
						1-2	9
						2-3	10
Vigo	Asociación Educativa Dalila	E. I. Integral Dalila Cangas	Lisboa, 1-B	36940 Cangas	Pontevedra	0-1	7
						1-2	17
						2-3	17
	Caracolandia, S.L.	E. I. Caracol de Cangas	Paz, 10, local 2	36940 Cangas	Pontevedra	0-1	7
						1-2	20
						2-3	20
	C. Educación Infantil Esme, S.L.	C. Educación Infantil O Xardín	Ramón Couto, 27	36203 Vigo	Pontevedra	0-1	2
						1-2	15
						2-3	20
	C. E. Infantil O Xardín Hispanidade, S.L.	C. Educación Infantil O Xardín Hispanidade	Hispanidade, 46, Romil, 57A	36203 Vigo	Pontevedra	0-1	2
						1-2	15
						2-3	17
Navuxil, S.L.	E I 0-3 Navuxil	Navuxil, s/n	36400 O Porriño	Pontevedra	0-1	1	
					1-2	5	
					2-3	10	

